

Área 2. Contidos dixitais

Creación dunha secuencia didáctica

Docentes:

Carreira Fernández, Luis Aquilino

Título da tarefa:

Podcast somos exploradores

Curso:

1º EP

Materia(s) ou Área(s):

Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza; Lingua Galega; e Música

Descrición xeral

A continuación transmitimos o espírito da tarefa nunha sinopse que resume brevemente en que consiste. Indicaremos unha explicación sinxela da súa estrutura e os obxectivos didácticos que pretendemos acadar.

Proxecto interdisciplinar elaborados polos docentes que imparten as áreas Ciencias da Natureza, Lingua Galega, Plástica, Inglés e música dirixido ó alumnado de 1º de educación primaria cuxo obxectivo e a creación dun podcast sobre os animais en perigo de extinción. O proxecto coordinará o uso de diversas TAC permitindo ó alumnado descubrir e explorar as posibilidades das ferramentas tecnolóxicas no ámbito do aprendizaxe e a adquisición do coñecemento garantindo da mesma forma a súa alfabetización dixital.

Con este proxecto fomentárase o traballo transversal cun enfoque competencial tendo como referencia o traballo por proxectos. Trataremos unha temática social relevante como son os animais en perigo de extinción e as causas e consecuencias disto no medio natural. Pretendese fomentar a participación activa e a iniciativa do alumnado inculcando o coidado do medio ambiente como valor fundamental

Atención á inclusión educativa

Coñecer o perfil de aula ao que te dirixes é imprescindible para acadar unha aprendizaxe efectiva de todo o grupo. Velaquí algúns aspectos relevantes para atender á **diversidade** no noso alumnado.

Perfil de aula

Ó alumnado ó que vai dirixido este proxecto está composto por 12 nenos e nenas de entre 6 e 7 anos de idade. O tema dos animais e algo que esperta unha gran curiosidade neles dado que nos atopamos nun CEIP situado nun entorno rural onde a gran maioría do alumnado está en contacto permanente con animais.

O uso das TAC é algo que os motiva xa que non están especialmente acostumados a manter contacto directo con elas fora do ámbito escolar.